

Carpe diem

A guerra acaba de comezar. Xa comezo a escoitar ruídos que me fan arrepiar, esos berros e alaridos tan agudos que fan que os meus tímpanos estoupen. As pernas comezan a tremer mentres recordo esos momentos de felicidade xa pasados e me pregunto internamente “por que non os aproveitei?” Ai! Como me arrepinto diso! Ao meu arredor miro caras de angustia e tristeza que me confirman que ningún dos presentes quere estar aí. Supoño que vir a un lugar coma este a facer cousas en contra da nosa vontade é algo que non gusta. O ambiente é de nerviosismo, todos estamos expectantes á chamada dos xefes. Por fin soa o timbre, é o momento de volver á carga e afrontar o novo curso escolar.

Lucía Fernández Gándara 3ºC